

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **30 de novembro de 2020**.

1. O Director informa dos seguintes puntos:
  - a. Instalación da infraestrutura para a docencia durante a COVID-19.  
Anuncia que se rematou completamente de instalar esta infraestrutura e enumera os seus compoñentes.
  - b. Probas de cribado.  
Comenta os problemas loxísticos que houbo e a solución adoptada para realizar o cribado, así como os resultados obtidos deste.
  - c. Situación COVID-19.  
Expón os casos positivos que se tiveron desde o comezo do curso e a situación actual. Tamén comenta as reunións que se mantiveron e as que se manteñen semanalmente respecto ao COVID-19.
  - d. Partida 626.  
Anuncia que se devolveu a partida 626 e que ademais de facer o reparto entre áreas, empregouse para completar as instalacións pendentes.
  - e. Centro de Intelixencia Artificial.  
Lembra que fomos invitados á xornada de inauguración do Centro de Intelixencia Artificial e que o seu director, D. David Olivieri, convidounos a participar nas charlas que organizan todos os venres.
  - f. Traslada a despedida do profesor D. David Ramos.
2. Apróbase por asentimento a modificación do calendario de probas do primeiro cuadrimestre para as titulacións da ESEI para o curso 2020/2021.
3. Apróbase por asentimento a distribución orzamentaria para o ano 2021.
4. Apróbanse por asentimento os trámites necesarios para o Premio Extraordinario do Grao en Enxeñaría Informática.
5. Elíxese a D. Francisco Javier Rodríguez Martínez como representante para a comisión de valoración da III Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus da Auga.
6. Non hai asuntos de trámite.